

Memoria xustificativa e económica do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Unión de Federacións Deportivas Galegas para o desenvolvemento de actuacións de formación, asesoramento e apoio ás Federacións Deportivas Galegas

1. Antecedentes.
2. Obxecto do convenio.
3. Financiamento.
4. Coherencia con Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.
5. Territorialización e desagregación do gasto distribuído por provincias

1. Antecedentes

As actuacións de fomento do deporte teñen na concesión de subvencións ás entidades deportivas unha das súas principais e máis eficaces manifestacións. Estas actuacións permiten o crecemento e fortalecemento da actividade desenvolvida polos axentes deportivos de Galicia.

De conformidade cos parámetros de actuación establecidos na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, actualmente Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes segundo o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, establece anualmente distintas liñas de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva así como en réxime de non concorrencia.

Deste xeito a actividade de fomento ten pleno encaixe na Lei do Deporte de Galicia. Así, a Lei 3/2012, do 2 de abril, recolle entre os seus principios reitores o dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria, democrática, en termos de igualdade e sen discriminación ningunha, o impulso da participación da muller en todos os ámbitos da actividade deportiva, a optimización e complementariedade dos



recursos públicos existentes e a necesaria concorrencia da participación privada, a eficacia, eficiencia, descentralización, desconcentración, coordinación, colaboración e participación das entidades públicas e privadas, e a promoción da colaboración entre o sector público e o privado a fin de garantir a máis ampla e mellor oferta deportiva..., así como entre os principios xerais, entre outros, o fomento e a protección do dereito ao coñecemento e á práctica do deporte..., a promoción do deporte en sectores sociais especiais..., o fomento do asociacionismo deportivo....

Por outra banda, entre as competencias da Administración autonómica recóllense, entre outras, as de formular a política deportiva autonómica, definir e fixar as directrices e programas de fomento e desenvolvemento do deporte galego nos seus diferentes niveis, así como planificar e organizar o sistema deportivo de Galicia, realizar as convocatorias de ámbito autonómico para o outorgamento de premios ou distincións, así como para a concesión de subvencións e outras actuacións de fomento do deporte.

En 2011 o Goberno autonómico aproba o Plan Galego para o Fomento da Actividade Física Galicia Saudable, que se articula e impulsa a través da Secretaría Xeral para o Deporte e a Fundación Deporte Galego, como oficina técnica do Plan. O Plan Galicia Saudable ten como obxectivo prioritario crear as condicións para que a poboación galega goce dunha vida máis activa, que permita conservar a saúde e a autonomía persoal, gozar de maior benestar e calidade de vida, e previr e reducir a presenza de enfermidades relacionadas co sedentarismo, desde a infancia ata a vellez.

Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, regula no seu artigo 51.1 as federacións deportivas galegas, configurándose estas como entidades privadas sen



ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 5, no seu apartado j), outórgalle á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a competencia de coordinar e tutelar ás federacións deportivas galegas no exercicio das funcións públicas que teñen delegadas, e elo sen menoscabo da súa actividade privada.

A Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA) constitúese como unha Asociación sen ánimo de lucro, de carácter privado, ao amparo do artigo 22 da Constitución Española e da Lei Orgánica 1/2022, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. A UFEDEGA ten como fins, entre outros, o de promover, defender e representar o deporte federado galego; defender os intereses comúns das Federacións Deportivas Galegas asociadas; establecer as estruturas administrativas ou de asistencia técnica ás Federacións Deportivas de Galicia, e exercer de canle entre elas; asesorar e colaborar coas institucións públicas e privadas de todo tipo, no referente ao deporte federado galego en xeral, e o seu desenvolvemento e mellora; propoñer cantas iniciativas sexan necesarias para unha mellor política deportiva galega.

Para cumprimento destes fins, a UFEDEGA realiza, entre outras, actividades de asesoramento e formación ás Federacións Deportivas Galegas; colaboración coas distintas administracións públicas competentes en materia deportiva; xuntanzas, cursos, simposios, foros, debates encontros en relación co deporte.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, ten entre os seus obxectivos prioritarios contribuír a unha mellor especialización e formación das federacións deportivas galegas co obxectivo de garantir o cumprimento efectivo das funcións públicas que teñen atribuídas, contribuíndo como obxectivo primordial á promoción do deporte en toda a sociedade, en particular á promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas, e promover, ordenar e organizar o deporte en idade escolar, así como establecer, entre outras, unha política activa de protección da saúde do deportista.



As partes consideran esencial manter e intensificar a súa colaboración xa que, como resultado do desenvolvemento deste proxecto conseguirase:

- Unha mellor especialización e formación das federacións deportivas galegas co obxectivo de garantir o cumprimento efectivo das funcións públicas que teñen atribuídas.
- Promoción do deporte en toda a sociedade, en particular en idade escolar.
- Promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas.
- Unha política activa de protección da saúde do deportista.

A UFEDEGA, dispón da análise necesaria sobre as estruturas e necesidades de asistencia técnicas ás Federacións Deportivas de Galicia, así como se constitúe no canle oficialmente recoñecido en representación da maior parte de Federacións Deportivas. Actualmente están representadas 57 das 59 federacións deportivas recoñecidas e inscritas no Rexistro de entidades deportivas de Galicia.

Asemade, segundo o disposto no artigo 51 da Lei do Deporte de Galicia, nas federacións intégranse os clubs, seccións deportivas, deportistas, técnicos, xuíces, árbitros e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos, co obxectivo de promover, practicar e, en xeral, contribuír ao desenvolvemento dunha mesma modalidade ou especialidade deportiva. Deste xeito, a UFEDEGA, na súa condición de asociación das federacións deportivas de Galicia, constitúe o único canle oficialmente recoñecido con relación aos clubs deportivos galegos das distintas modalidades deportivas.

É evidente pois, que a achega económica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- unha mellor especialización e formación das federacións deportivas galegas co obxectivo de garantir o cumprimento efectivo das funcións públicas que teñen atribuídas.



- promoción do deporte en toda a sociedade.
- promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas.

Doutra banda, cómpre salientar que existe unha identidade entre os obxectivos da UFEDEGA e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

Por todo o exposto, considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrència pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

2. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a UFEDEGA para contribuír ao financiamento dos gastos ocasionados con motivo da realización dos programas de formación, asesoramento e apoio ás Federacións Deportivas Galegas que leva a cabo a UFEDEGA.

As actuacións que se desenvolverán en base a este Convenio de Colaboración son as seguintes:

- Asistencia xurídico deportiva.
- Actuacións de comunicación e difusión dos eventos organizados polas Federacións Deportivas
- Asesoramento e formación non regulada.
- Formación regulada.

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que,



de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e a data límite de xustificación do convenio (30 de novembro de 2024)

3. Financiamento

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de **25.000 euros (25.000 €)** con cargo á partida orzamentaria **05.02.441A.481.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

O orzamento estimado de gasto para o desenvolvemento da actuación prevista no convenio é o seguinte:

PROXECTO	IMPORTE	DESGLOSE ESTIMADO
Asistencia xurídico deportiva ás Federacións Deportivas Galegas	4.000€	Asesoramento mensual (400€ mes durante 10 meses)
Actuacións de comunicación e promoción do deporte federado	3.000€	Asesoramento mensual (300€ mes durante 10 meses)
Asesoramento e Formación non regulada	3.000€	Asesoramento, docencia e dirección
Formación regulada	10.000€	Docencia e dirección
Gastos xerais	5.000€	
TOTAL	25.000€	

No convenio contéplase, de conformidade co establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a xustificación do pago mediante recibí do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros. Esta previsión trae causa e motivación da tipoloxía de actuacións, da necesidade contratación de servizos



menores, á diversa tipoloxía dos axentes e entidades colaboradoras e á diversidade dos gastos varios e de escasa contía asociados á organización das actividades previstas no convenio (actividades de formación, organización xornadas, docencia, etc.), polo que se posibilita e flexibiliza a xustificación do pago a través dos correspondentes recibís.

4. Coherencia co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

Estímase que esta actuación é coherente co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, correspondéndose cos seus:

- EIXE 1. O RETO DEMOGRÁFICO
- PA 1.4 Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade
- OE 1.4.7 Impulsar o deporte dende a etapa escolar e como práctica integradora e inclusiva que conduza á súa xeneralización entre a poboación galega, fortalecendo o deporte feminino e atendendo aos deportistas de alto nivel durante e despois da súa dedicación deportiva. Procura das condicións máis adecuadas que coadxuven aos clubs e deportistas nas súas respectivas competicións deportivas dentro e fóra de Galicia.
- OO06 Fomento do deporte a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas.

Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable Xumco2, constátase que o indicador de seguimento vixente para o proxecto 2014 00066 “Transferencias a entidades, federacións e técnicos deportivos”, son os seguintes:

Código e denominación do indicador	Valor previsto
P00210- Nº de proxectos deportivos subvencionados	70
P0076C- Entidades deportivas beneficiadas	1.400
P1009H- Nº de licencias federativas. Homes	215.000
P1009M- Nº de licencias federativas. Mulleres	80.000

Estímase que a través deste convenio acadarase un valor de realización de 1 entidade beneficiaria, cun valor de realización asignado de:



PO076C – Entidades dep. Beneficiadas	1
P1009H – N.º licenzas federativas homes	215.000
P1009M – Nº licenzas federat. Mulleres	80.000

5. Territorialización e desagregación do gasto distribuído por provincias.

Provincia	Porcentaxe	Desagregación do gasto por provincias
A Coruña	30	7.500
Lugo	20	5.000
Ourense	20	5.000
Pontevedra	30	7.500
Total	100	25.000

Santiago de Compostela,
O secretario xeral para o Deporte
José Ramón Lete Lasa
(documento asinado dixitalmente)

